

Prezadas familias:

Por fin imos comezar co Club de Ciencia do IES Valadares!

Neste club aprenderemos a traballar nun laboratorio, levaremos a cabo experimentos e proxectos seguindo o método científico, participaremos en feiras e/ou exposicións, etc.

Se a túa filla ou fillo son curiosos, gústalles a ciencia, experimentar e aprender facendo, teñen agora unha boa oportunidade.

Por ser unha actividade extraescolar e voluntaria, haberá que cumprir unhas normas de comportamento e amosar unha actitude de colaboración e traballo.

As prazas son limitadas. Se algún membro do club non cumpre as normas, terá que deixar a súa praza a outra persoa que estea interesada en participar.

Este curso escolar 2023/2024, o horario desta actividade será durante algúns luns ao mediodía (de 14:15 a 16:15) e un martes ao trimestre (de 14:15 a 17:15). No caso dos martes non terán autobús e, polo tanto, a volta aos domicilios correrá a cargo das familias.

A comida poden traela de casa (teñen microondas para quentala, se o precisan) ou mercala na cafetería (haberá que encargala no recreo, xa que pecha a mediodía).

As datas previstas para a primeira avaliación son as seguintes (poden sufrir algún cambio por imprevistos ou outras actividades):

- Luns 30 Outubro
- Luns 6 Novembro
- Martes 7 Novembro (14:15-17:15)
- Luns 13 Novembro
- Luns 27 Novembro
- Luns 11 Decembro

Moitas grazas e un cordial saúdo.

Carmen Boado

Vicedirectora



Eu don/dona \_\_\_\_\_

nai/pai/titor legal do

alumno/a \_\_\_\_\_

autorizo ao meu fillo/a a asistir ao Club de Ciencia durante o 1º trimestre do curso 23-24 nas sesións anteriormente indicadas.

Sinatura

Nai/Pai/Titor